


## PARA OS PAPÁS E AS MAMÁS



**OS FILLOS DO MAR**, de Pedro Feijoo. Ed. Xerais. Simón Varela é un mediocre arquitecto residente en Vigo. Un día recibe unha chamada dunha señora da alta sociedade viguesa, Isabel Lobet, para que lle faga unha reforma nunha fonte da súa propiedade, nun pazo de Canido. Aos poucos días de comezar a reforma, Simón atopa un cofre pechado.

**ONCE PORTAS**, de Héctor Cajaraville. E. Xerais. O día da Ascensión do ano 1929 o mozo Guillermo Cardelle achégase á Alameda de Santiago de Compostela para desfrutar da xornada festiva. Cando decide entrar no gabinete do mago Bunda, dotado de supostos poderes proféticos e divinatórios, non pode imaxinar que o que alí escoite lle cambiará a vida para sempre.



**CONÉCTESE CON SUS HIJOS PARA QUE SE DESCONECTEN DE LA RED**, de Gissela Echeverría. Ed. Planeta Colombia en EBOOK. Para que as familias lles ensinen aos/as seus/súas fillos/as a ser consumidores/as críticos/as, a utilizar en forma positiva os novos medios para aproveitar as súas ventaxas, facer eleccións adecuadas e descartar as que consideren violentas, degradantes ou ofensivas.

**EDÚCAME BIEN. 100 RESPUESTAS PARA MADRES Y PADRES PREOCUPADOS**, de Montse Domènech. Ed. Plaza & Janés. Está dirixido a todas as familias con nenos e nenas de calquera idade. As familias sufrimos nalgún momento problemas de convivencia cos/coas nosos/as fillos/as, ben sexa por conflitos de horarios, comportamentos inesperados, celos, desinterese polos estudos ou estados de desánimo...



**EL LUGAR DE UNO MISMO**, de Manuel Hidalgo. Ed. Alianza. Propón unha orixinal exploración do baño dende o punto de vista cultural, histórico, sociolóxico e das vivencias persoais. Un texto brillante e sorprendente, cheo de sentido do humor e de sabiduría, lixeiro e culto á vez, que se le como unha novela e que fará as delicias de todo tipo de lectores/as.

## PARA ESCOITAR, VER E XOGAR





**O MUNDO ESTÁ PARADO**, de Guadi Galego. Terceiro disco en solitario da autora. Trátase dun conxunto de dez cancións onde a pluralidade, a universalidade e a diversidade están presentes.

**MÁIS CONTOS EN CANTOS**, de Almudena Janeiro. Ed. OQO. Mestura literatura, imaxe e estilos musicais diversos para que cativos, e non tan cativos, gocen da lectura, do son e da estética. Os/as lectores/as poderán cantar e bailar ao son do reggae, do rock, da rumba, da polca ou atreverse cun corrido mexicano...




**QUIQUIRÍQUÍ!!!**, de Galileo Nenos. É un divertido xogo de mesa para os/as máis pequenos/as, onde gaña o/a máis rápido/a e o/a que teña máis voz, xa que hai que atopar os animais da granxa e repetir o seu son. O/a que acerta gaña "un verme", a comida preferida dos galos! Pódese xogar a partir dos 3 anos e ata 6 xogadores/as.

**¡JUGUEMOS!**, de Àngels Navarro. Ed. Salvat. Un orixinal libro de xogos e actividades de todo tipo para que as familias teñan á súa disposición unha batería de recursos lúdicos coa que levar o tempo libre, divertirse e disfrutar dos/as máis pequenos/as.



**INVENTARIO ILUSTRADO DE FLORES**, de Virginie Aladjidi. Ed. Factoría K. Un festival de colorido que, a través de 65 tipos de flores, lévamos de viaxe por todo o mundo: dende as rexións de África do sur de onde vén a Ave do Paraíso, ata a illa indonesia de Sumatra, de onde é orixinario o efímero xigante, pasando polas pradeiras próximas onde medran as margaridas.


## A BIBLIOTECA DE FLORA



# ESTE VERÁN SOMÉRXETE NA LECTURA

CEIP PEDRO CASELLES ROLLÁN  
XOVE

## PRIMEIROS/AS LECTORES/AS




**ÁLEX E O RATO DE CORDA**, de Leo Lionni. Ed. Kalandraka. Premiado coa Medalla Caldecott, un clásico sobre a crecente amizade entre dous ratiños, un de verdade e outro mecánico.

**TAM, TIM E TOM**, de Roberto Mezquita. Ed. OQO. Un conto dos irmáns Grimm, que revela a importancia da aprendizaxe para a vida, redescubriendo o valor de compartir e colaborar nunha tarefa para un fin común, sexa na familia, na escola ou en calquera ámbito social.





Grisela



**GRISELA**, de Anke de Vries. Ed. Kalandraka. Un día, *Grisela* atopouse moi triste, tan triste coma o seu pelame gris. «Teño que facer algo», pensou. Colleu un bote de pintura vermella e dixo...

**PRIMEIRA SEMANA NA ESCOLA DE VACAS**, de Andy Cutbill. Ed. Patas de peixe. Paseamos por unha escola onde as vacas aprenden aquilo que lles é "normal"... e se es filla dunha vaca pero es diferente??? Pois a escola tamén pode dar resposta a iso. Aínda que sexa cunha pequena axuda.



**EL GRAN LIBRO DE LOS BICHOS**, de Yuval Zommer. Ed. Juventud. Dende couzas a escaravellos, vermes e arañas, o mundo está cheo de bichos fascinantes! Este libro está cheo de datos para que os/as nenos/as empecen a explorar a ampla gama de insectos que viven na nosa Terra. .

## LECTORES/AS EN MARCHA



**AGNI E A CHUVIA** de Dora Sales. Ed. Kalandraka. Agni non entende moi ben que é iso de ser pobre. Só ten unha cousa clara: os seus pais, Lalita e el son iso, e todos os veciños do barrio tamén. Sábeo porque cando os adultos falan entre eles adoitan rematar dicindo que son pobres

**UN TREN CARGADO DE MISTERIOS**, de Agustín Fernández Paz. Ed. Xerais. Dende a fiestra do seu cuarto, Ana ve pasar o tren todos os días. Un tren que nunca para, porque onde a nena vive non hai estación. Un día o ferrocarril detense ao pé da casa e Ana recibe a invitación do revisor de subir a el. Axiña descobre que se trata dun tren moi especial.



**O TROMPETISTA E A LÚA**, de Xelis de Toro. Ed. Xerais. A cidade enteira estaba patas arriba. Todos os músicos e aspirantes a músicos andaban atarefados. Axiña se ía formar a nova banda de música. Os aspirantes practicaban sen parar cos seus instrumentos. Evaristo, o xeadeiro, sopraba con ilusión a súa trompeta. Pero que mal soabal! Estaba claro que precisaba axuda.

**CÁMBIACHE O CONTO!**, de Pinto & Chinto. Ed. Xerais. Os autores ofrécennos a súa peculiar versión dos contos clásicos de autores como Andersen, Perrault ou os irmáns Grimm e danlle unha reviravolta á súa maneira a O frautista de Hamelín, a Carrapuchiña Vermella, a Cincenta e moitos outros, poñéndonos un sorriso nos beizos.




**EN FAMILIA!**, de Alexandra Maxeiner. Hércules de Edicións. O libro presenta a diversidade de familias coas que nos podemos atopar na sociedade: con dous pais, con dúas nais, con só pai ou nai, con pais separados, con medios irmáns e medias irmás, con dúas casas ... Concluindo, que cada familia é única.

## LECTORES/AS AVANZADOS/AS




**A CAZADORA DE ESTRELAS**, de María Canosa. Ed. Xerais. Megumi era unha das mellores cazadoras de estrelas da súa comunidade. As súas frechas trazaban no ceo o debuxo dun arco até cravarase xusto no medio das estrelas pequeniñas e moi brillantes para crear, entón, unha neboeira de luz.

**CLARA E O RAPTO DO SOLPOR**, de José Julio Fernández Rodríguez. Hércules de Edicións. Ás veces suceden cousas tan inesperadas que os propios contos se poñen nerviosos. Os contos nerviosos son moi divertidos, pero non paran quietos porque lles tremen as palabras.



**4 XINETES**, de Anxo Fariña. Ed. Xerais. Quizais nunca o pensases. Quizais nunca considerases que algo así podería chegar a acontecer. Así que inténtao. Intenta imaxinar por un momento o que habías sentir se un día descubres que vas ser o causante da morte de sete mil millóns de persoas. Imaxina que es un Xinete da Apocalipse .

**A INMORTAL**, de Ricard Ruíz Garzón. Ed. Rodeira. Judit é unha nena a piques de facer os doce anos que debuxa moi ben. Vive con súa nai e co seu avó en Xenebra. O pai, un famoso pintor, marchou para Hungría cando era pequena. Mentres Judit se está a preparar para participar nun concurso de debuxo, o xadrez crúzasele inesperadamente no camiño e comeza a afeccionarse.



**DEBAJO DE LA TIERRA, DEBAJO DEL AGUA**, de Aleksandra Mizielska. Ed. Maelva. Entraremos nas minas de ouro en Sudáfrica, coñeceremos como se orixina unha erupción volcánica, ao isópodo xigante e ás increíbles lombrigas de terra de tres metros. Saberemos a que distancia baixo terra se atopa o metro máis profundo do mundo, en Corea do Sur, quenes foron os pioneiros do submarinismo ou como son os xigantes mariños.